

CATÁLOGO

REDE CULTURAL 2024
DEPUTACIÓN DA CORUÑA





CIRCO





Peter Punk

Con lingua propia

Peter Punk mostra neste espectáculo con moito orgullo (e literalmente) a súa lingua propia.

Durante uns trepidantes 60 minutos, o pallaso mais irreverente da escea galega, combinará as máis variadas técnicas circenses con de xogos de palabras e concursos lingüísticos para poñer a lingua en escena e ao público en acción!

Un espectáculo cheo de humor, trabalinguas, xogos e malabares, no cal a comicidade se mestura coa habilidade na procura da gargallada do público.

Peter Punk traballou acompañado do filólogo Brais Gutiérrez para presentar este novo espectáculo que xira arredor da nosa lingua, construíndo así un referente para o público miúdo dende a comedia.

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *Con lingua propia*

Modalidade artística Circo, Malabares, Xogos

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



Peter Punk

Peor Imposible

Un novo unipersoal do recoñecido pallaso Peter Punk no que mantén a súa esencia e o humor irreverente co que acadou o éxito. E onde dá mostra da súa veteranía e madurez, tras máis dunha década de traxectoria profesional.

Peter Punk non contaba con que as cousas sempre poden ir a peor. Na súa nova aventura, non lle queda outra que afrontar o seu fracaso. Pero **está disposto a todo pola risa do público.**

Unha catedral de nove paraugas en equilibrio, o salto ao baleiro dun voluntario a cegas, o perigoso Circuito da Morte, e un evocador final que sorprenderá ás máis cativas e cativos, e fará reflexionar ao público adulto.

Nesta ocasión veremos a un pallaso optimista, equilibrado e olímpico, que buscará a complicidade do público para superar as dificultades que atopará en cada rutina, como unha metáfora dos tempos que vivimos.

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *Peor Imposible*

Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

PREMIO do público
Festiclown 2014
Rivas Vaciamadrid



Peter Punk

A chungatrona

Neste espectáculo Peter Punk crea un conxunto de rutinas que confirma a súa intención de converterse nunha referencia do novo circo galego como pallaso.

Neste espectáculo veremos unha aloucada entrada en escena coa Testarroza, o miniciclo de Peter Punk. A máxica desaparición dun globo no seu bandullo, a destreza dunha voluntaria con tres aros e un vaciador de ideas.

E como colofón, un final único no mundo: **A CHUNGATRONA!!** Un aparello pensado por un pallaso, que manterá ao público en tensión ata que... algún incauto resulte totalmente mollado e coa cara cuberta de tarta. Todo isto para desatar a risa, a diversión e a loucura do público: nenas, nenos e maiores.

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *A Chungatrona*

Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Público infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

PREMIO do público
Festiclown 2013
Rivas Vaciamadrid

Peter Punk

Punkdemia

Peter Punk está de volta para converterse no **Doutor Punkdemia**. Presenta un espectáculo viral no que, a través de 4 Fases, amosará a súa **particular visión da pandemia**. Neste espectáculo adaptado á nova normalidade, veremos como se viste un pallaso para protexerse da pandemia, malabares con coronavirus e asistiremos a unha técnica nova para botar o virus do noso corpo empregando globos de xeito sorprendente. Contaremos coa axuda de **Tranquilo**, un vello amigo de Peter Punk sempre disposto a colaborar.

E para rematar daremos a volta á "curva" para descubrir a **Vacina da Risa**. E subiremos na **Corentrona**, unha cadeira de rodas na que Peter Punk mostrará as súas habilidades e baixará a rampa da desescalada para bater co muro dos recortes. Conseguirá derrubalo?

Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk"

Nome do espectáculo *Punkdemia*

Modalidade artística Circo, Malabares, Humor, Clown

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



A Vela Circo

O Último que Apague a Luz

o público asistirá a unha boda! Esta cerimonia busca ser un momento de humor e de reflexión. De reflexión dos **roles de xénero**, das novas tradicións: o puro para os homes e o lanzamento olímpico de ramo para as mulleres; se o amor é un acto de rebeldía. Neste espectáculo, coma en calquera boda, hai equilibrios con tarta, malabares, clown... Agardamos por vós para a nosa celebración!

A COMPAÑÍA

A Vela Circo está formada por Ana Cuevas López e Santiago Montero Fernández. Unha **compañía diáspora revolucionaria galego-arxentina** de circo **poético-metafórica** que é nada no ano 2020 pra crear os seus primeiros espectáculos: *A Corda* e *O Último*.

O circo do absurdo, do caos e da poesía dos nosos tempos.

Ficha artística

Elenco Ana Cuervas, Santiago Montero

Nome do espectáculo *O último que apague a luz*

Modalidade artística circo, danza, humor, clown, slapsticks, acrobacia.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

A Vela Circo

A corda

Coma unha cometa sen fío, dende o humor e o circo, esta pallasa, fala soa, responde e vai e ven porque non atopa o seu lugar. Acompañada polo súa leal bañeira, a cal faille soñar e reafirmar que as tolas, non son tan tolas. Que a loucura, cura!

A COMPAÑÍA

A Vela Circo está formada por Ana Cuevas López e Santiago Montero Fernández. Unha compañía diáspora revolucionaria galego-arxentina de circo poético-metafórica que é nada no ano 2020 pra crear os seus primeiros espectáculos: *A Corda* e *O Último*.

O circo do absurdo, do caos e da poesía dos nosos tempos.

Ficha artística

Elenco Ana Cuervas

Nome do espectáculo *A Corda*

Modalidade artística circo, danza, humor, teatro físico, clown, acrobacia

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco Víctor Cantero

Nome do espectáculo *Pallaso Total*

Modalidade artística Clown, Malabares, Maxia, Música

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

Duende Circo

Pallaso Total

Duende Circo é a creación de Víctor Cantero, un ser adicado a revolucionar e a sorprender, en calquera momento e lugar. Un artista multidisciplinar, apaixonado da vida!

Habilidades e fracasos para tódolos públicos. Humor, malabares, música e maxia, son algúns dos ingredientes deste explosivo cóctel.

Dende 2009 ata hoxe realiza diferentes espectáculos, unipersonais ou acompañado de outros artistas.

Traballa en diversos espazos e programacións culturais como festivais, escolas, salas, prazas...

A COMPAÑÍA

Víctor Cantero "Duende Circo" ten participado en festivais como Pardiñas (Lugo), Millo Verde (Pontevedra), Vibra Balboa (León), Ponte Louco (Ourense), Noite da Lúa Meiga (Pontevedra), Encontro Internacional de Malabaristas O Retruke (A Coruña), As San Lucas de Mondoñedo (Lugo), Encontro de malabares de Pradoluengo (Burgos), FIC Gáldar (Gran Canaria), Habitúa-te (Portugal), etc.



VIDEO



DOSSIER



MAXIA





Mago Paco

Xoga e Maxia

Chega unha nova proposta os escaerios. Dinámica, participativa e sobre todo “alucinante”. Nesta ocasión, O Mago Paco encarna a figura de presentador do prestixioso programa “Xoga e Maxia” onde a través de probas, os e as participantes competirán para levarse as súas casas algun que outro agasallo. Realidade ou ficción? ata onde estarán chegarán para conseguir o seu propósito? Haberá premios para todos e todas as participantes?

Un concurso único, dotado de premios imposibles onde non existen gañadores nin gañadoras, se non participantes que non saberán a que proba terán que afrontarse para intentar levarse un agasallo.

Ficha artística

Elenco Francisco Otero “Mago Paco”

Nome do espectáculo Xoga e maxia

Modalidade artística Maxia, humor.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior

A COMPAÑÍA

Francisco Otero “O Mago Paco” é un mago especialista en maxia infantil. O seu traballo como animador infantil levouno ó recurso da maxia. A partir dese momento, a maxia e o teatro dirixiron a súa traxectoria laboral e artística, formándose en diversos cursos de teatro, maxia e clown, ata se converter no gran profesional que é hoxe en día.



VIDEO



DOSSIER

O Mago Paco

HOCUS POCUS

Unha **proposta diferente** e moi **participativa**, chea de complicidade entre o mago e o seu público, que vivirá momentos ilusionantes, divertidos, loucos, emotivos e sobre todo, inesquecibles.

Preparate as vosas mellores gargalladas porque comezamos!!!

Seguindo a súa tónica de humor, **O Mago Paco** ofrécenos unha vez máis un espectáculo de maxia infantil cheo de **risas, cor e moitas sorpresas**.

A maxia do Mago Paco caracterízase pola posta en escena de **elementos visuais** e moi rechamantes que provocan unha **dinámica constante** sobre o escenario. Deste xeito, **ningún espectáculo é igual**, todo depende da resposta do público, sobre todo das cativas, xa que é un espectáculo pensado por e para elas. Poderán xogar, rir, brincar, actuar... formando parte activa do seu fantástico mundo, cheo de emocionantes aventuras.

A COMPAÑÍA

Francisco Otero "O Mago Paco" é un mago especialista en **maxia infantil**. O seu traballo como animador infantil levouno ó recurso da maxia. A partir dese momento, a maxia e o teatro dirixiron a súa traxectoria laboral e artística, **formándose en diversos cursos de teatro, maxia e clown**, ata se converter no gran profesional que é hoxe en día.



VIDEO



DOSSIER

Ficha artística

Elenco Francisco Otero "O Mago Paco"

Nome do espectáculo *Hocus Pocus*

Modalidade artística Maxia, Humor e Clown.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 70 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



Ficha artística

Elenco Francisco Otero "Mago Paco"

Nome do espectáculo A Casa encantada

Modalidade artística Maxia, humor.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior

Mago Paco

A Casa encantada

Achégate e descobre que lle ocorreu ao Mago Paco o día que entrou na Casa Encantada.

A quen coñecería alí?

Morcegos, o Conde Drácula, Frankenstein e un montón de personaxes espantabulosos agardan por ti nesta aventura para pasar un día terroríficamente divertido!!!

Un espectáculo **apto para tódalas idades**, con grandes doses de humor, imaxinación e moitas risas.

A COMPAÑÍA

Francisco Otero "O Mago Paco" é un mago especialista en **maxia infantil**. O seu traballo como animador infantil levouno ó recurso da maxia. A partir dese momento, a maxia e o teatro dirixiron a súa traxectoria laboral e artística, **formándose en diversos cursos de teatro, maxia e clown**, ata se converter no gran profesional que é hoxe en día.



VIDEO



DOSSIER



Mago Paco

A Maxia do Nadal

Chegan os días mais máxicos do ano!

Achégate e divirtete coma nunca, nun espectáculo pensado para toda a familia onde poderás ver en vivo e en directo a maxia do Nadal.

Aparicións imposibles, desaparicións e moitas risas farán deste espectáculo o mellor agasallo para esta época do ano.

Ficha artística

Elenco Francisco Otero "Mago Paco"

Nome do espectáculo *A maxia do nadal*

Modalidade artística Maxia, humor.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior

A COMPAÑÍA

Francisco Otero "O Mago Paco" é un mago especialista en **maxia infantil**. O seu traballo como animador infantil levouno ó recurso da maxia. A partir dese momento, a maxia e o teatro dirixiron a súa traxectoria laboral e artística, formándose en diversos cursos de teatro, maxia e clown, ata se converter no gran profesional que é hoxe en día.



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco Noel Fandiño "Mago Noel"

Nome do espectáculo *Que curioso!*

Modalidade artística Maxia, Humor e Clown.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

Mago Noel

QUE CURIOSO!

O ESPECTÁCULO

Que Curioso! é un espectáculo de maxia moi participativo, colorido e divertido. Combina diversas disciplinas circenses e teatrais co gallo de amosar que a prestidixitación, os malabares, o humor, a música e a poesía crean, por sí mesmas, un **espazo de comunicación xenuíno** entre o mago e o público.

A COMPAÑÍA

O Mago Noel descubre a maxia con 11 anos. Un tempo despois comeza a facer as súas primeiras actuacións. Ao longo deste tempo realiza diversos cursos de formación nas artes escénicas: mimo, teatro, improvisación, clown... No ano 2014 entra en contacto coa escola de novo circo "Circo Nove". Alí comeza a súa **formación** en diversas disciplinas circenses: malabares, portes acrobáticos e clown. Posteriormente crea un espectáculo de teatro de rúa onde se mesturan maxia, acrobacia, danza, monicreques e malabares. Comparte elenco con Sofía e Rober e realizan **xiras por toda a xeografía galega**. Agora, 15 anos despois, o Mago Noel, continúa traballando, ilusionando ás cativas e sorprendendo as maiores.



VIDEO



DOSSIER

MONICREQUES



Títeres Alakrán

A pita xefa

Unha pequena pita cun soño pode facer moitas cousas: salto de lonxitude, bailar claqué, e moitas outras cousas! E, sobre todo, pode conseguir o máis importante: mudar as normas do galiñeiro!

Unha adaptación da obra de Marta Lado, [A Pita Xefa](#).

A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 como proxecto persoal de Borxa Insua, logo de iniciarse como actor-titiriteiro con diferentes compañías profesionais galegas. A formación artística como escultor inflúe directamente nas propostas plásticas da compañía, xa que emprega case sempre a madeira na confección dos monicreques. Dende o 2003 leva producidos 10 espectáculos nos que emprega diversas técnicas que levan á compañía a asentarse solidamente no panorama galego, así como a participar regularmente en Festivais internacionais de títeres en territorio español e latinoamericano.

Ficha artística

Elenco Títeres Alakrán

Nome do espectáculo *A pita xefa*

Modalidade artística Teatro vivo, títeres.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER

Títeres Alakrán

Pekeno Kabaret de Tolos

Grandes estrelas do mundo da música cobran vida novamente neste espectáculo musical de marionetas, conducido e manipulado polo actor e titiriteiro Borxa Insua. Ella Fitzgerald, Jimmy Hendrix, Camarón de la Isla, un breakdancer sen papeis, o esqueleto de Nina Hagen, Montserrat Caballé... son algunhas das figuras e das sorpresas que nos depara este pequeno kabaret.

Un presentador leva ás súas costas un cabaret ambulante que resucitará a grandes estrelas do mundo da música... Con ocorrencia e improvisación, o presentador trata de divertir, involucrar ao público cunha espectáculo que animará tanto a pequenos como a maiores.

A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 como proxecto persoal de Borxa Insua, logo de iniciarse como actor-titiriteiro con diferentes compañías profesionais galegas.

Ficha artística

Elenco: Títeres Alakrán

Nome do espectáculo: *Pekeno Kabaret de Tolos*

Modalidade artística: Teatro vivo, Marionetas de Fío, Música

Público ao que vai dirixido: Infantil, xuvenil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo: 50 min

Ubicación: Espazo interior ou exterior



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco Borja Insua e Alba Grande

Nome do espectáculo *Desconexión*

Modalidade artística Teatro vivo, Monicreques de mesa

Público ao que vai dirixido A partir de 5 anos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior

Títeres Alakrán

DESCONEXIÓN

Carmela debe realizar un traballo sobre a tradición castrexa e as mouras para a escola. A súa familia resolve todas as súas actividades coa tecnoloxía: as relacións, a alimentación, o estudo... Porque o seu lema é "unha vida tecnolóxica é unha vida ordenada". A inesperada chegada do avó Eldemiro á casa, abrirá unha xanela a Carmela para descubrir en primeira persoa a lenda mitolóxica da mouro, e reconectará á toda a familia co mundo real, un mundo que xa lle era totalmente alleo.

Desconexión é unha distopía que aborda a dependencia de estar conectados sobre a que se constrúen neste tempo as nosas vidas, e pon de manifesto a necesidade -especialmente na infancia- de conectar co real: co entorno, co humano, e cos sentidos que van máis aló de experiencias visuais e auditivas. Chegou á hora de redescubrir a vida real, a analóxica e natural: de establecer unha conexión romántica co noso entorno, coas persoas que temos preto e coas nosas tradicións. Seguro que queres desconectarte!

A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 como proxecto persoal de Borja Insua, logo de iniciarse como actor-tiriteiro con diferentes compañías profesionais galegas.



VIDEO



DOSSIER

TEATRO



FEITAS AO SISEL



Ficha artística

Elenco Loira Lázare, Patricia Gamallo, Inés Mirás, Carme Campo, Arantxa Alfaia, Diana Kurich
Nome do espectáculo *Feitas ao sisel*
Modalidade artística performance, música ao vivo, poesía
Público ao que vai dirixido todos os públicos.
Idioma Galego
Duración do espectáculo 45 min
Ubicación Espazo interior ou exterior

O proxecto nace do poemario *Feitas ao Sisel* (premio de Poesía Erótica das Illas Sargadas) escrito por Diana Kurich, integrante tamén do proxecto.

O poemario fai un percorrido metafórico entre o baile tradicional e a sedución entre dúas mulleres. O poemario antes que escrito foi bailado nos torreiros que eran e son lugares de sedución masiva, e é por iso que cada poema leva o nome dun baile tradicional.

Esta semente levou a seis mulleres de diferentes ámbitos artísticos a xuntarse para formular unha peza, na que música tradicional e electrónica, baile tradicional e contemporáneo e a palabra recitada e cantada se mesturan sen perder a súa esencia, buscando así eses espazos comúns que nos permiten habitar dende todas as entidades que somos.

De xeito transversal, esta peza integrega temas como o lesbianismo, as non monogamias, o ecoloxismo, a antigordofobia, o clasismo, o transfeminismo, o anticuerdismo, o decolonialismo e o antirracismo.

A COMPAÑÍA

Feitas ao Sisel son Loira Lázare, actriz e mestra de lingua e literatura especializada en igualdade e mediación; Patricia Gamallo, música, Inés Mirás, música, Carme Campo, bailarina; Arantxa Alfaia, música e filóloga, e Diana Kurich, poeta e artista multidisciplinar.



VIDEO



DOSSIER

Charlatana.org



Ficha artística

Elenco Marta Ortiz e Brais das Hortas

Nome do espectáculo *4 Monos*

Modalidade artística Narración oral, Música ao vivo, Teatro vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

Tropa de Trapo

4 MONOS

Hai moitos anos, no Lonxano Oriente, naceu un símbolo que viña do poder para reprimir ao pobo: os **Tres Monos Sabios**. Un mono non oía o que pasaba ao seu redor. Outro non quería ver o que tiña diante. E o último calaba a boca para non dicir todo o que pensaba.

Nós dámoslle a volta. Os nosos monos van escoitar, ver e falar. Van pensar, van actuar... e van ser catro!

Catro monos, catro historias.

A auténtica historia do **lagarto** da saia da Carolina, que non era un, senón dous... e non se levaban moi ben.

O conto do **monstro da Amazonía** que destruía a selva e aterrorizaba aos demais animais.

A historia de **catro mulleres** que vivían nunha aldea e que conseguiron evitar que lles roubaran o seu peixe **cantando e regueifando**.

E por último, a **tola historia dun mono** que quixo pintar as nubes cun "spray" para que non houbera máis tormentas... e, sen querer, cambiou a vida do resto dos monos.

Catro contos para falar de como nos relacionamos entre nós e co medio, para rir, para reflexionar, para cantar e para soñar con outro mundo posible.



VIDEO



DOSSIER

Charlatana.org



Ficha artística

Elenco Brais das Hortas

Nome do espectáculo *Zona en Obras*

Modalidade artística Narración oral, música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

Brais das Hortas

ZONA EN OBRAS

Atención! Este espectáculo está en obras. Si: está sen acabar. Pero non vos preocupedes. Temos un andamio, tubos de antenista, unha guitarra eléctrica cun looper, unha batería cun capacho e un caldeiro, ferramentas... e a axuda inestimable do público.

Malo será que entre todas non acabemos estes contos cheos de **música e ritmo**. Contos de osos tristes, de extraterrestres que viaxan en caldeiros de fregar, de cans de palleiro que se converten en superstars...

A nova tolería de Brais das Hortas. Contos, música, títeres, instrumentos con obxectos e moita interacción co público.



VIDEO



DOSSIER

18+



Patty Diphusa

Sexo Seguro ¿Seguro? ¡Seguro!

Que é o sexo? Que é o amor? É o sexo mellor con Amor? Por onde comeza o Amor? Pódese amar a alguén se non te amas a ti mesm@? Un espectáculo que aborda **temas complexos** e mesmo semella que vamos para atrás en temas de educación emocional e sexual. Porque este show contén unha **importante carga didáctica sexual**. E... non te preocupes, que o que pasa no show, quédase no show!. *Sexo Seguro. Seguro? Seguro!* estivo presente en eventos coma a Noite das Chicas do Concello de Fuenlabrada ou o Circuito Café Teatro de Valencia, ademais de en múltiples bares e salas de España.

Ficha artística

Elenco: Malala Ricoy

Nome do espectáculo: *Sexo Seguro ¿Seguro? ¡Seguro!*

Modalidade artística: Clown, Cabaret, Monólogo

Público ao que vai dirixido: Maiores de 14 anos.

Idioma: Galego, Castelán.

Duración do espectáculo: 60 min.

Ubicación: Interior



VIDEO



DOSSIER

NARRACIÓN ORAL





Ficha artística

Elenco Marta Ortiz

Nome do espectáculo *Coser e Contar*

Modalidade artística : Narración oral, teatro de obxectos e música

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min aproximadamente

Ubicación Espazo exterior ou interior

Marta Ortiz

Coser e Contar

Con fío, agulla e dedal enffame un conto xa! Comezamos a viaxe nun taller de costura, un lugar máxico aos ollos da nena protagonista que escoita contos, coplas, cancións en boca da súa avoa, nai e tía mentres traballan. Contos tan antigos como o oficio da costura. **Puntada a puntada** percorrерemos mundos onde os fíos falan, as caixas de costura abren as **portas da fantasía** e os **bastidores** de bordar **son ventás** onde asomarse a historias prohibidas. Neste espectáculo atoparemos narración oral, música, teatro de obxectos e pezas enlazadas polas coplas do Cancioneiro da Agulla. Unha homenaxe ás mulleres de mans sabias que foron as primeiras narradoras e transmisoras de coñecemento.

O Cantar das costureiras é cantar que nunca acaba.

Como teñen fío dabondo botan coplas enfiadas.

A COMPAÑÍA

Marta Ortiz é **narradora oral**, conta historias para público de todas as idades. Conta coa súa voz e o corpo, e outras veces gusta de acompañarse con música e manipulación de obxectos.

Estudou **maxisterio**, especializada en **literatura infantil** e realización de espectáculos. Fundou **Tropa de Trapo** con Brais das Hortas, e forma parte do espectáculo *Matrioskas* xunto con Sofía Espiñeira.



VIDEO



DOSSIER



Marta Ortiz

Casa, Casiña, Casona

Pum, pum!

Quen é? Quen chama á miña casa, casiña, casona?

Imos visitar casas grandes, diminutas, casas que caben na man, casas-zapato, casas de fío, casas-maleta que viaxan polo mundo... Tamén imos coñecer aos seus habitantes: animais que falan, obxectos cotiás e máxicos, familias diversas e asombrosas...

A casa é o símbolo do colo amoroso que nos acolle nos primeiros anos de vida, o colo que nos arrola, abraza e protexe. **A casa é o fogar, o centro do mundo na primeira infancia** e está chea de portas e ventás que se abren ao mundo e que nos convidan a descubri-lo. Cada quen ao seu ritmo, levada pola súa propia curiosidade.

Un espectáculo para primeira infancia e as súas familias baseado no **asombro**, a transmisión do amor a través da lingua galega e a palabra, dos primeiros cantos xogos, cancións de dedos, trabalinguas, arrolos poemas... que forxan os cimentos da casa que construímos ao longo das nosas vidas.

A COMPAÑÍA

Marta Ortiz é **narradora oral**, conta historias para público de todas as idades. Conta coa súa voz e o corpo, e outras veces gusta de acompañarse con música e manipulación de obxectos.

Ficha artística

Elenco Marta Ortiz

Nome do espectáculo *Casa, Casiña, Casona*

Modalidade artística Naración oral, Teatro de obxectos e música

Público ao que vai dirixido Primeira infancia (0 a 6 anos)

Idioma Galego

Duración do espectáculo 40 min

Ubicación Espazo interior (consultar para exterior)




VIDEO



DOSSIER

Contos, CASTAÑAS e telarañas



Ficha artística

Elenco Marta Ortiz

Nome do espectáculo *Contos, castañas e telarañas*.

Modalidade artística Narración oral e teatro de obxectos

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar.

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior.

Marta Ortiz

Contos, castañas e telarañas.

Contos de medo que dan risa. Contos de risa que acaban dando algo de medo. Contos en **verso**, contos **cantados**, contos **tradicionais** e outros inventados para escoitar comendo **castañas** nunha tarde de outono.

Apagade as luces.

Prendede as candeas.

Achegádevos.

*Estade moi atentas e atentos porque os contos
van comezar...*

A COMPAÑÍA

Marta Ortiz é **narradora oral**, conta historias para público de todas as idades. Conta coa súa voz e o corpo, e outras veces gusta de acompañarse con música e manipulación de obxectos.

Estudou **maxisterio**, especializada en **literatura infantil** e **realización de espectáculos**. Fundou **Tropa de Trapo** con Brais das Hortas, e forma parte do espectáculo ***Matrioskas*** xunto con Sofía Espiñeira.



VIDEO



DOSSIER



Marta Ortiz

Canta, Buguina, Canta!

Canta para nenos e nenas, para viaxar xuntas en igualdade, con amor e respecto. Soprando a nosa buguina, comezaremos a viaxe polo mar. Visitaremos illas onde viven caracois, galiñas poñedoras e vacas. Regaremos a herba. Xogaremos coa marea que sobe e baixa.

Cantaremos cancións sobre a lúa e faremos barcos de papel para continuar viaxando lonxe. Brincamos coa imaxinación recreando animais con obxectos, barcos e illas de papel, un mar de tea ao son da música e das palabras.

Canta, Buguina, canta! é un espectáculo para primeira infancia que ten como obxectivo xogar coa palabra e a poesía, coas cancións e contos, cos xogos visuais e sonoros que serán o berce da literatura.

Ficha artística

Elenco Marta Ortiz

Nome do espectáculo *Canta, Buguina, Canta!*

Modalidade artística Teatro de obxectos, Narración oral, Música

Público ao que vai dirixido Primeira Infancia (0 – 6 anos)

Idioma Galego

Duración do espectáculo 40 min

Ubicación Espazo interior (consultar para exterior)

A COMPAÑÍA

Marta Ortiz é **narradora oral**, conta historias para público de todas as idades. Conta coa súa voz e o corpo, e outras veces gusta de acompañarse con música e manipulación de obxectos.

Estudou **maxisterio**, especializada en **literatura infantil** e realización de espectáculos. Fundou **Tropa de Trapo** con Brais das Hortas, e forma parte do espectáculo *Matrioskas* xunto con Sofía Espiñeira.



VIDEO



DOSSIER

Tropa de Trapo

Barquiño de Pau

Soprando a nosa buguina, comezaremos a nosa viaxe nun **Barquiño de Pau**. Veremos illas onde viven caracois, galiñas poñedoras e vacas. Regaremos a herba. Xogaremos coa marea que sobe e baixa. Cantaremos cancións de ghavotas e moverémonos coma nécoras. E incluso daremos unha volta baixo o mar.

Barquiño de Pau é un espectáculo de teatro de obxectos e música para a primeira infancia. Exploramos os sentidos dunha maneira amena, coa participación das crianzas, con diferentes texturas coma os módulos de papel estraza ou as esponxas naturais. E tamén con moita música, ao son do acordeón, da mandola portuguesa, do dizi chinés ou co propio corpo.

Recitamos poemas e xogamos coas palabras a debuxar ideas. Brincamos coa imaxinación recreando animais con obxectos, o mar con teas ou medusas con paraugas.

Ficha artística

Elenco Marta Ortiz e Brais das Hortas

Nome do espectáculo *Barquiño de Pau*

Modalidade artística Teatro de obxectos, Música infantil

Público ao que vai dirixido Primeira infancia (0 – 6 anos)

Idioma Galego

Duración do espectáculo 40 min

Ubicación Preferiblemente interior (consultar para exterior)



VIDEO



DOSSIER

Brais das Hortas

Contos para caghar patatillas

Música, clown e contos a partes iguais nesta proposta de Brais das Hortas para toda a familia.

A Santa Compañía cantando un trap, o home do saco, a verdadeira canción de como morreu Tranquilo, un ataque de salouco, unha base creada ao vivo cunha loop station, sete bruxas que voan de Moaña a Sevilla nunha barca, instrumentos de refugallo creados en directo... e moito máis.

Un espectáculo para morrer de medo... ou de risa!

A COMPAÑÍA

Brais das Hortas é músico, narrador oral e clown. Como músico toca en *Blues do País* e *Sacha na Horta*, e colaborou en numerosos proxectos (Ataque Escampe, Sofía Espiñeira...) Como clown e músico participa en dous espectáculos con *Peter Punk Pallaso* : *Concerto PunkInfantil* e *Peter Punk e o Neno Imperdible*. Como narrador oral leva máis dunha década na *Tropa de Trapo* con Marta Ortiz.

Ficha artística

Elenco Brais das Hortas

Nome do espectáculo *Contos para caghar patatillas*

Modalidade artística Naración oral, Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Jara Ortiz

Lúa triangular. Nada é imposible

LÚA TRIANGULAR, nada é imposible é un espectáculo de contacontos musical, baseado no libro *Marta e a píntega* da autora Eli Ríos, onde a nena Marta coñece á píntega Oli e xuntas viaxan ao Mundo dos Contos, onde vivirán un montón de aventuras e transformarán o mundo nun lugar mellor, cheo de diversidade e máis xusto, onde sexamos iguais e as princesas dos contos poidan ser felices, creando e visibilizando as súas propias historias.

O público participará de maneira activa e creativa a través das cancións, viaxando da man da voz e a percusión de Jara Ortiz, nunha mestura de música e teatro onde o humor, a literatura, a muiñeira e a perspectiva de xénero tamén son protagonistas, porque nada é imposible!

A COMPAÑÍA

Jara Ortiz é cantante, compositora e percussionista, e mestra de música tradicional. Percorreu a xeografía galega en solitario con concertos didácticos en centros educativos, e tamén como integrante de proxectos musico-teatrais infantís como os espectáculos *A Casa do Terror* e *Estamos no verán*, xunto a Xoán Curiel

Ficha artística

Elenco Jara Ortiz

Nome do espectáculo *Lúa triangular. Nada é imposible*.

Modalidade artística Narración oral, música.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar.

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior.



VIDEO



DOSSIER

Charlatana.org

Iseo A Moura

Se as árbores falasen

Un incendio arrasa con todo o verde no monte! Con todo? Non! Por sorte a fraga onde vive Flora, unha nena de nove anos e medio, resistiu. E ela vai achar por que a fraga conseguiu sobrevivir ao lume e o resto do monte non. As árbores serán quen llo expliquen coas súas cancións e tamén as que lle ensinen de que xeito pode axudar a recuperarse a terra queimada. Unha lección que nin ela nin o resto da xente da vila esquecerá nunca, pois descubrirán a ledicia e a responsabilidade que supón Ser Terra.

A COMPAÑÍA

Iseo Agilda sempre gustou de cantar e facer cancións, así como de escribir para ser quen de calar un rato e poder así pensar un chisco no que fai. Filósofa de formación, encamiñou logo a súa vocación cara a **Educación Ambiental** e dende aí comparte a súa vontade de aprender a vivir dun xeito máis sostible, sinxelo e xusto a través de **cancións, contos e actividades na natureza**.

Cantante en Sacha na Horta e Blues do País.

Ficha artística

Elenco Iseo Agilda

Nome do espectáculo *Se as árbores falasen*

Modalidade artística Narración oral, Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior (consultar para exterior)



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco Iseo Agilda

Nome do espectáculo *A grandeza do pequeno*

Modalidade artística Narración oral, Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior (consultar para exterior)

Iseo A Moura

A grandeza do pequeno

Facerse pequeno mola. Se non, ollade para os dinosauros, moita ansia por medrar e mirade como lles foi...

A nós estanos pasando o mesmo. Pero non temades porque están chegando mandas de xentes miúdas para axudarnos a entender que o que nos fai grandes ou pequenos non é o noso tamaño, senón a nosa e capacidade de soñar e de tomar decisións.

Soñemos grande e fagámonos pequenos!

A COMPAÑÍA

Iseo Agilda sempre gustou de cantar e facer cancións, así como de escribir para ser quen de calar un rato e poder así pensar un chisco no que fai. Filósofa de formación, encamiñou logo a súa vocación cara a **Educación Ambiental** e dende aí comparte a súa vontade de aprender a vivir dun xeito máis sostible, sinxelo e xusto a través de **cancións, contos e actividades na natureza**.

Cantante en Sacha na Horta e Blues do País.



VIDEO



DOSSIER

Iseo A Moura

De cea cos defuntiños

Por tres días, por tres noites ao ano, o veo que separa o mundo dos vivos do mundo dos mortos cae. É entón cando os nosos seres queridos, parentes ou aqueles que finaron deixando asuntos pendentes, fan o camiño de volta a casa. E como os recibimos na Galiza? Con medo? Con disfraces gore e unha bola de cristal? Non, ho! Coa mesa posta coa súa comida favorita e un carreiriño de candeas ata a porta, para que non tropecen no camiño, que a aldea moito ten cambiado dende que a deixaron...

Da man de Iseo a Moura, ser máxico que vive a cabalo entre os dous mundos (bueno, en realidade en bicicleta, porque é vegana), vanvos chegar **catro** historias, catro pratos moi especiais, catro citas cos defuntos para axudarvos a entender a morte á galega. Que vos aproveite!

Ficha artística

Elenco Iseo A Moura

Nome do espectáculo *De cea cos defuntiños*

Modalidade artística Narración oral, música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar.

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior (consultar para exterior).

A COMPAÑÍA

Iseo Agilda sempre gustou de cantar e facer cancións, así como de escribir para ser quen de calar un rato e poder así pensar un chisco no que fai. Filósofa de formación, encamiñou logo a súa vocación cara a **Educación Ambiental** e dende aí comparte a súa vontade de aprender a vivir dun xeito máis sostible, sinxelo e xusto a través de **cancións, contos e actividades na natureza**.

Cantante en **Sacha na Horta** e **Blues do País**.



VIDEO



DOSSIER



Iseo A Moura

A Apalpadora

Unha muller xigante baixa da montaña do Courel no solsticio de inverno, guiada pola infinita **tenrura** que é calidade principal de todos os seres máxicos, na procura das nenas e nenos da Galiza. Ela ten a lembranza da fame e dos tempos duros de frío e escuridade e é por iso que garda e vela os sonhos dos máis cativos. Mais tamén é ela **lembranza de lareiras prendidas e contos na noite**, da compañía vizosa que quita as penas todas, **da axuda mutua das veciñas**, do coidado da **comunidade**, tamén ela é lembranza da luz que xa non fai máis que medrar dende que se chega á noite máis noite de todas as noites.

Dende o amor á terra e a todos os seus seres, **canta ela á vida sinxela que noutro tempo levamos e que debemos lembrar** para non nos perder nos camiños sen vida de asfalto e formigón. Dende a vida sinxela canta ao amor propio, ao respecto do propio corpo, á soberanía das crianzas sobre o seu corpo, aos afectos consentidos e desexados. Porque apalpar apalpa só cando as crianzas así o queren, coas mans de tenra terra e a aperta de musgo mol.

“Se che presta o meu cariño, a barrigola heiche apalpar
Se non tes gana das apalpadas,
a presa de crocas déixocha igual
porque o cariño de moitas maneiras sabe falar”

Ficha artística

Elenco Iseo Agilda

Nome do espectáculo *A apalpadora*

Modalidade artística Narración oral

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior (consultar para exterior)



VIDEO



DOSSIER



María da Pontragha

Mulleres de Pedra

Ou a pedriña ou!
ela vai andando ou!
mira como rola ou!
ela ou, ou, ou....

Historias de mulleres fortes, duras e eternas. Mulleres rechas, que botan a vista atrás despois dunha vida longa e din: *aí vos queda, a miña memoria é para vós, para as que aínda a tedes por andar.*

Ficha artística

Elenco María Iglesias "María da Pontragha"
Nome do espectáculo Mulleres de Pedra
Modalidade artística Narración oral
Público ao que vai dirixido Infantil e familiar
Idioma Galego
Duración do espectáculo 50 min
Ubicación Espazo interior ou exterior

A COMPAÑÍA

María da Pontragha é educadora e antropóloga, dende sempre mantivo un **vínculo moi forte coa tradición oral**, tanto a través da música coma da palabra en sí. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose en todo o que rodea a oralidade.



VIDEO



DOSSIER

María da Pontragha

Non teñas medo á morte

Podes morrer coa risa, chorar coa risa e tamén rir coa morte!

Percorreremos un longo camiño en compañía, nunha **contada festiva e alegre** na que non hai tempo de laiarse nin choromicar!

Escoitas as campás??? Agarda, escoita.... e se tes medo... Peidea forte!

Ficha artística

Elenco María Iglesias "María da Pontragha"

Nome do espectáculo *Non teñas medo á morte*

Modalidade artística Narración oral

Público ao que vai dirixido Público familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

A COMPAÑÍA


María da Pontragha é educadora e antropóloga, dende sempre mantivo un **vínculo moi forte** coa tradición **oral**, tanto a través da música coma da palabra en sí. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose en todo o que rodea a oralidade.



VIDEO



DOSSIER



María da Pontragha

Contar co Vento

Contos e melodías na compañía da música do acordeón.
Porque o vento pode cambiar, totalmente, unha historia....
Historia de tradición oral para toda a familia: de medo, de risa e bonitas a rachar.

Ficha artística

Elenco María Iglesias “María da Pontragha” e Miguelón Paz
Nome do espectáculo *Contar co Vento*
Modalidade artística Narración oral, música ao vivo
Público ao que vai dirixido Infantil e familiar
Idioma Galego
Duración do espectáculo 50 min
Ubicación Espazo interior ou exterior

A COMPAÑÍA

María da Pontragha é educadora e antropóloga, dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en sí. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose en todo o que rodea a oralidade.



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Elenco María Iglesias e Carme Iglesias

Nome do espectáculo *Pan con chocolate*

Modalidade artística Narración oral

Público ao que vai dirixido a partir de 5 anos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

As da Pontragha

Pan con chocolate

Pan con chocolate,
e fáisenos a boca auga.

Pan con chocolate é moito máis ca unha **presa de contos**.

Retornamos ó sabor da **merenda** de sempre para **acompañala de contos** de onte, de hoxe e de mañán. En salgado e doce, traemos dúas historias para seguir, para contar xuntas e para levar na memoria polo mundo que habitemos na nosa saqueta dos contos particular.

A COMPAÑÍA

Carme da Pontragha é mestra de pandeireta e integrante de grupos como Bouba ou Lévedo. María da Pontragha é educadora e antropóloga. Ambas manteñen un **vínculo moi forte coa tradición oral**, base do novo proxecto que presentan coa súa compañía.



VIDEO



DOSSIER



María da Pontragha e Bleuenn Le Fric

Contos... entre cordas

En “Contos... entre cordas”, recorreremos un mesmo camiño en busca dun lugar común entre as nosas dúas formas de expresión.

Entre a **palabra** e a **música** ideamos a maneira de achegar a **arpa** e o seu repertorio a lugares onde non adoita escoitarse. A música clásica faise máis cercana atravesada polos contos que traemos.

Mostrarémosche o vínculo entre as rosquillas e a música romántica, entre a **tradición oral galega** e o repertorio da arpa clásica, entre os contos e as cordas.

A COMPAÑÍA

María da Pontragha é educadora e antropóloga, dende sempre mantivo un **vínculo moi forte coa tradición oral**. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose en todo o que rodea a oralidade.

Bleuenn Le Fric é unha arpista bretoa, galega de adopción. Formada en **arpa celta e clásica**, e é con este instrumento que desenvolve hoxe a súa vida musical (Real Filharmonía de Galicia, Orquesta del Gran Teatre del Liceu, ...) como na **música de raíz galega** (Zumaque, Uxía, Xoan Curiel,...).

Ficha artística

Elenco María Iglesias “María da Pontragha” e Bleuenn Le Fric

Nome do espectáculo *Contos... entre cordas*

Modalidade artística Narración oral, música ao vivo

Público ao que vai dirixido a partir de 16 anos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación Espazo interior ou exterior





María da Pontragha

Coa palabra na boca

A través da palabra e a música de tradición oral percorrерemos historias que falan da xente, do amor, da liberdade e da desobediencia, porque somos un pobo que discrepa e temos unha peculiar forma de enfrontarnos á vida e á morte. Historias de disidencias cheas de heroínas que non existen nos libros e heroes sen nome. Historias de vida que beirean a morte e de mortos que volven a este mundo.

Ficha artística

Elenco María Iglesias "María da Pontragha"
 Nome do espectáculo *Coa palabra na boca*
 Modalidade artística Narración oral
 Público ao que vai dirixido Público Adulto
 Idioma Galego
 Duración do espectáculo 60 min
 Ubicación Espazo interior ou exterior

A COMPAÑÍA

María da Pontragha é educadora e antropóloga, dende sempre mantivo un vínculo moi forte coa tradición oral, tanto a través da música coma da palabra en sí. No 2009 comezou a súa andaina no mundo da narración centrándose en todo o que rodea a oralidade.



VIDEO



DOSSIER

Pode ir acompañado de acordeón



Brais das Hortas

Contos de Defuntos (e outros asuntos)

Contos de mortos que non están tan mortos, da **Santa Compañía** que non era tan santa, de aparecidos e visións... de todas estas causas que rodean **a vida e a morte en Galicia**, e das que nunca está de máis falar un pouco. Porque o mundo cambia.

O noso mundo, o dos vivos... e quen sabe se o dos mortos tamén cambiou! Porque, aínda que haxa luz eléctrica, **nunca se sabe onde se che pode aparecer algo...**

A COMPAÑÍA

Brais das Hortas é músico, narrador oral e clown. Como músico toca en **Blues do País** e **Sacha na Horta**, e colaborou en numerosos proxectos (Ataque Escampe, Sofía Espiñeira...) Como clown e músico participa en dous espectáculos con **Peter Punk Pallaso** : *Concerto PunkInfantil* e *Peter Punk e o Neno Imperdible*. Como narrador oral leva máis dunha década na **Tropa de Trapo** con Marta Ortiz..

Ficha artística

Elenco Brais das Hortas

Nome do espectáculo *Contos de Defuntos (e outros asuntos)*

Modalidade artística Naración oral, Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Público Adulto

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER



Marta Ortiz e Sofía Espiñeira

Matrioskas

Dúas mulleres cantando e contando sobre mulleres. Todas feitas da mesma madeira. Todas vestidas de cores. Todas elas, grandes e pequenas, con historias para contar e cos desexos agochados no ventre.

Contos das nosas mulleres, historias de vida que foron pasando dunhas a outras nun fío invisible, coma os puntos que se soltan dun tecido, coma a onda do mar que, morrendo, se xunta coa seguinte.

A dúas voces, a contadora Marta Ortiz e a cantautora Sofía Espiñeira xuntan verbas e música para revivir estas historias.

A COMPAÑÍA

Marta Ortiz é narradora oral, e creadora de espectáculos cunha ampla traxectoria tanto coa súa compañía unipersoal Marta Ortiz, coma con outros artistas, coma Brais das Hortas, co que foundou a compañía Tropa de Trapo.

Sofía Espiñeira percorre os eidos do teatro, a danza, o circo e a música. É integrante da compañía Teatro Ó Cubo. No 2015 gaña o II Certame de Canción de Autor en Galego (Teo) e no 2022 o Premio Martín Códax da Música

Ficha artística

Elenco Marta Ortiz e Sofía Espiñeira

Nome do espectáculo *Matrioskas*

Modalidade artística Narración oral, Canción de autora

Público ao que vai dirixido a partir de 14 anos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior (consultar para exterior)



MÚSICA INFANTIL



Brais das Hortas

Consertasso na horta

Hoxe na horta de Brais das Hortas hai concerto. Mellor dito: **Consertasso!**
Todo da casa!

Grelos e temassos, cun equilibrio variado de formas e estilos - como debe ser nun ecosistema musical diverso e saudable!

A Santa Compañía aparécese entre as patacas cantando un **trap**.

Hai unha pulga **punk** da praia de Liméns.


As cabras tiran para o monte e os caracois reivindicán o seu ritmo: o **reggae**.

Entre as cenorias, os lagartos toman o sol ao son dun **tumbao** -é o propio!- e os kiwis non paran de brotar bailando **ska**.

Tamén hai sitio para os soños, coma o de ser astronauta, ou para pedirlle axuda ás veciñas para botarlle o sulfato as viñas. E máis temassos entre guitarrazos, charangazos e un lote de instrumentazos máis.

Música e humor para toda a familia.

Letras e arranxos coidados para sementar e apañar risas e ganas de cantar xuntas.



Ficha artística

Elenco Brais das Hortas

Nome do espectáculo **Consertasso na horta**

Modalidade artística **Música ao vivo, teatro, humor**

Público ao que vai dirixido **Infantil e familiar**

Idioma **Galego**

Duración do espectáculo **50 min**

Ubicación **Espazo exterior ou interior**



VIDEO



DOSSIER

Este concerto
é para nós



FINALISTA dos Premios Martín Códax da Música no ano 2023.

Peter Punk e Brais Hortas

Concerto PunkInfantil

Punk para nenas? Por que non?! E logo? Que hai máis punk ca unha nena?

O punk é **rebeldía**, é pensar por ti mesma. Do it Yourself!! Faino ti ao teu xeito!! Como poidas, como queiras e como che preste!

O punk é **ir a contracorrente**, non ser coma a maioría porque cada unha de nós é diferente. O punk é berrar, rir, facer pis... e tamén escribir as túas propias cancións, facer a túa banda, atopar a túa personalidade.

O punk é **protestar**. **Quen non chora, non mama!!** Sabemos o que queremos, sabemos o que non queremos e estamos dispostas a chorar, cagar e patear!! Se non podemos xogar, non é a nosa revolución!

Un cantante punk e un cantante infantil condenados a compartir escenario acaban creando un delirio musical chamado "Concerto PunkInfantil". Tras descubrirse e recoñecerse van confluindo, progresivamente, nun espazo común dando como resultado este espectáculo musical e de clown para todos os públicos, no que está presente o concepto punk máis alá dos aspectos máis superficiais. Vencellado directamente co mundo infantil e as inquedanzas das cativas e cativos.



Este concerto
é para nós



Ficha artística

Elenco Isaac Rodríguez "Peter Punk" e Brais das Hortas

Nome do espectáculo Concerto Punk Infantil

Modalidade artística Música ao vivo, Clown,

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

FINALISTAS dos Premios Martín Códax da Música nos anos 2019 e 2021.

Os Jalochos

A Landra viaxeira e o amigo Lambón

Neste espectáculo musical, coñeceremos a historia de Landra, e a súa viaxe por Galicia, acompañada do seu amigo Lambón. As cancións, interpretadas por Sabela Olivares e Suso Bello, darán a coñecer esta aventura para facer bailar e rir a nenas e nenos e maiores!

Os Jalochos presentan este espectáculo que ten como obxectivo fomentar entre as crianzas o uso da comunicación escrita e oral da lingua galega como fonte de diversión e aprendizaxe, tendo en conta a inclusión, a igualdade e os valores sociais e colaborativos.

Os Jalochos teñen como obxectivo xogar coa música e a palabra a través dun concerto de participación activa mediante xogos basados no ritmo, na percusión corporal, no baile, na escritura creativa e a lingua de signos.



Ficha artística

Elenco Suso Bello e Sabela Olivares

Nome do espectáculo *A Landra viaxeira e o amigo Lambón*

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e primaria

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Este concerto
é para nós



Café Dorothé

Preguntábanlle as mulleres cando pousaba a gravadora sobre a mesa das dúas cociñas.

-Café, Dorothé?

Preguntábase nas longas horas de poñer por escrito as cancións que lle cantaran.

-E vós, queredes café?

Imos cantar, bailar e xogar esas lindas cancións que con tanto agarimo deixou Dorothé Schubarth escritas nos seus libros.

Con café, con Antón Santamarina e con moita paciencia e traballo Dorothé logrou realizar esta obra que a día de hoxe segue a ser considerada o máis amplo repertorio da musical popular de tradición oral galega. Sonsoles Penadique e Virxilio da Silva presentan este espectáculo para público familiar con versións moi persoais das melodías do cancionero. Unha sesión para escoitar, facer e vivir a música en familia e achegarse a estes libros que compoñen máis extensa e minuciosa compilación da música popular galega.



Este concerto
é para nós

Ficha artística

Elenco Sonsoles Penadique, Virxilio Silva, e Xandre Nome do espectáculo Café Doroté
Modalidade artística Música ao vivo
Público ao que vai dirixido Infantil e familiar
Idioma Galego
Duración do espectáculo 60 min
Ubicación Espazo exterior ou interior

VIDEO

DOSSIER

Martiña Soñadora

"Martiña soñadora" son Sabela King á voz e ó ukelele e Carlos Gil Fandiño ó piano e voz.

É unha formación que naceu para o desfrute de nenas e nenas dunha música composta especialmente para el@s. Con Martiña soñadora bailarán, aprenderán das músicas e disfrutarán de cancións con ritmos brasileiros, portugueses, do rock&roll e mesmo do blues, porque os estilos musicais non teñen idade e todo isto amenizado de fermosas letras en galego e incluso en francés.

As composicións son todas propias e nelas armonízanse as voces da ialma do grupo que son Carlos Gil Fandiño e Sabela King, docemente acompañados de ukelele e piano.



Ficha artística

Elenco Sabela King e Carlos Gil Fandiño

Nome do espectáculo Martiña Soñadora

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Este concerto
é para nós

FINALISTAS dos Premios Martín Códax da Música no ano 2022.



Sonsoles Penadique

O Chintófano de Dorothé

Un chintófano, un trebello, un aparello.

Música, algún conto, moita diversión e un magnetófono con botóns máxicos.

Voltaremos a un pasado analóxico e máxico a través das músicas e experiencias atesouradas pola etnomusicóloga **Dorothé Schubarth**. Coñeceremos a súa persoa, os seus libros e ás informantes que tiveron a ben transmitirlle o seu saber sobre a cultura tradicional galega. Pero tranquilas! Non deixaremos atrás nin á Manxoliña, nin á Vella da Botella, nin ao tío Mateu, nin á ave sutil a comer no perexil.



Ficha artística

Elenco Sonsoles Penadique

Nome do espectáculo *O Chintófano de Dorothé*

Modalidade artística Música ao vivo, narración oral

Público ao que vai dirixido Infantil e primaria

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Este concerto
é para nós



Nate Borrajo e María Mendoza

Noviña

Atrévete a viaxar no espazo tempo?

Benvidas e benvidos ao despegue de NOVA.. Unha nave espacial coa que faremos unha viaxe inesquecible no tempo e no espazo. Sairemos da lanzadeira B 612, máis alá de Orión, para visitar tres planetas: Contemporánea, Tradicional e Electroacústica.

Unha travesía capitaneada pola comandante de voo Superlula 201 (a actriz Nate Borrajo) e alumeadas pola estrela M.Mendoza 75 (a pianista e compositora María Mendoza).

E se nos atopáramos co Principiño? E se lle axudáramos a pintar un año? E se á Bela Ador mecida non lle roubaran un bico? E se vísemos o noso planeta dende o espazo... como o poderíamos sandar? E se puidésemos ser o que quixésemos? Domadoras de formigas voadoras! Sopradoras de caracois! Astronautas!

Ficha artística

Elenco Nate Borrajo e María Mendoza

Nome do espectáculo *Noviña*

Modalidade artística Música ao vivo, teatro

Público ao que vai dirixido Infantil e primaria

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Pulpiño Viascón

O Apalpador

Pulpiño Viascón músico, performance circense e multiinstrumentista galego, cóntanos a historia do apalpador a partir dunha banda sonora aventureira creada cos seus instrumentos máxicos: o serrucho musical, acordeón diatónico (trikitixa), pandeireta do pé, *game boy chiptune*, e, por suposto, coa poderosa voz do Apalpador.

Como non podía ser doutro xeito, o apalpador levará agasallos para a rapazada co bandullo baleiro.



Ficha artística

Elenco Pulpiño Viascón

Nome do espectáculo *O apalpador*

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 30 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO





MÚSICA



Habelas Hainas

Habelencia, Húmida, Histeria. Horizonte. Compostela. Catro mulleres. Halo, Harmonía. Humana. Herdanza. Historia viva. Hiperactiva! H do silencio, muda a muller que soa. Homenaxe. Hematomas. Camiños onde non medra a Herba. Hábitat de Hormonas Hilarantes. Hidrosfera musical. Hoxe. Hipnose sonora.

Habelas Hainas nace en Compostela en 2010, tempo no que se cruzan os camiños destas **catro músicas de raíz galegas**, crebacabezas musical e persoal que se sente parte dunha tradición longa, viva e en permanente transformación, da que xorde a natural necesidade de se expresar, dende unha **ollada feminista e social**, explorando outras músicas, **experimentando coa tradición** e creando un **son propio, fresco, enérxico e orixinal** nunha intensa traxectoria como músicas ao vivo.



Ficha artística

Nome do grupo Habelas hainas

Integrantes Olalla Liñares, Patricia Gamallo, Arntza Alfaia, Cristina Sánchez

Modalidade artística Música tradicional ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 70 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Carapaus

Carapaus é un grupo de música tradicional formado en Santiago de Compostela no verán do 2010, integrado por Pablo Fernández, gaiteiro da Aldán, mestre en numerosas asociacións de música e cultura tradicionais; Oli Xiráldez (fautas), artesán e músico de longa traxectoria, membro de Chouteira e colaborador de Malvela, entre outros; Gustavo Couto (voz e tambor), mestre de baile tradicional e coautor do libro Bailabén (Edicións do Cumio, 2010); Iago Camaño (acordeón), graduado en acordeón polo Conservatorio de Música de Pontevedra, Cristina Cotilla (bombo e voz), formada na escola do OCT Ulteira e en percusión clásica no Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela, e Andrea Cabanas (voz e percusión) formada vocalmente no OCT Ulteira.

Carapaus bota a andar a presentación do seu 3º traballo discográfico. Camiño da Vida Tola pretende poñer en valor e difundir moitas das músicas que soaron noutrora nalgún dos camiños que levan a Compostela. Este patrimonio cultural inmaterial foi conservado durante anos na memoria das persoas informantes e sobre todo das mulleres, que sempre son unha fonte inesgotable de sabedoría popular.

FINALISTAS dos Premios Martín Códax da Música no ano 2021.



Ficha artística

Nome do grupo Carapaus

Integrantes Pablo Fernández, Gustavo Couto, Oli Xiráldez, Iago Camaño, Cristina Cotilla, Andrea Cabanas.

Modalidade artística Música tradicional ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 70 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Mallou

Cantares da Terra

Mallou é un dúo formado por Sabela Bello e Benjamín Vázquez. Conxugan temas propios con clásicos da música popular galega; cancións de Amacio Prada, Xoán Montes Capón, Suso Vaamonde e Fran Perez "Narf", entre outros.

Toman o nome do gaiteiro Xoán Bello Mallou, avó de Sabela

Mallou é un proxecto sutil, contido e intenso. As dinámicas, o aire e o latexo da propia música son elementos que forman parte da súa maneira de entender as cancións.

Mallou reinterpreta a tradición da música popular dende un profundo respecto ás súas raíces. Na súa maneira de crear, entender e arranxar, percíbense como as diversas influencias musicais, xunto coas súas sensibilidades, pasan a formar parte dunha viaxe sonora que mestura elementos clásicos con outros máis modernos.

Gañadores do Premio Narf 2022



Ficha artística

Nome do grupo Mallou

Integrantes Sabela Rey, Benjamín Vázquez

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Boroa

O' Clásico Fol

Boroa presentou O' Clásico Fol no ano 2023.

A banda, liderada por Sabela Olivares, amosa un proxecto que xira ao redor da funcionalidade e a versatilidade da gaita, ademais da súa adaptación ás novas tecnoloxías do século XXI.

Coa gaita como protagonista, Boroa constrúe un universo sonoro para iniciar unha viaxe musical alén do atlántico e adentrarse en diferentes armonías que nos acheguen a xéneros musicais doutras latitudes.

Unha innovadora proposta, baseada no folclore e a formación clásica da autora, que unha vez levada ao directo convirte nun espectáculo que combina pezas para o baile, e un potente fin de festa cunha escolma da música contemporánea galega.



Ficha artística

Nome do espectáculo O' clásico fol

Integrantes Sabela Olivares, Alberto Millán e Suso Bello

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Boroa

TINTA DE FOL

Boroa presenta Tinta de Fol. Unha performance **pictoacústica** na que a bandaponse ao servizo da pintura para transformar as ondas sonoras en pinceladas negras e grises, onde as composicións da artista **Sabela Olivares** harmonízanse coa tinta chinesa sobre o papel da man do ilustrador **David Cuenca**.

O resultado son trazos que danzan ao son da música nun proceso creativo, no que a **tinta negra** e os **brochazos grises** convierten as notas nunha **ilustración musical**. En definitiva, un estímulo audiovisual materializado nun conxunto de composicións musicais que poden contemplarse mentras son escoitadas.



Ficha artística

Nome do espectáculo Tinta de Fol

Integrantes Sabela Olivares, Alberto Millán, Suso Bello e David Cuenca

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Blues do País

Versión Dúo

Blues do País somos **Bieitta James**, a grande Diva Rural (Iseo Agilda) e **Pepe King**, o Bluesmanciño que a acompaña (Brais das Hortas).

Xuntas versionamos clásicos do Blues, Soul, Rhythm'n'Blues... E adaptámoslos á idiosincrasia e retranscrición galegas. E dá gusto! Si, señora! Blues en galego! Otis Redding no peirao da Coruña, ou Etta James mariscando en Cabo da Crus, B.B. King nun furancho en Redondela ou Eric Clapton lendo a Castelao...

Todo iso é posible con Blues do País.

Música de calidade, en galego, mesturada con teatro, clown e improvisación. Enerxía e entrega total en cada directo e unha discografía coidada no breve percorrido deste dúo galaico-mississippiense.

Dende que arrincamos motores no 2014 xa pasamos por todo tipo de escenarios e situacións: casas da Cultura, auditorios, festivais, ceas, aniversarios, paradas do bus, rotondas, rúas e prazas, camións do pienso e mesmo bateas ... Calquera sitio é bo para botarlle uns blueses da casa.



Ficha artística

Elenco Iseo Agilda e Brais das Hortas

Nome do espectáculo Blues do País

Modalidade artística Música ao vivo, Teatro clown

Público ao que vai dirixido Adulto e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Blues do País

e o Sindicato da Verbena

Os concertos de Blues do País son apoteóticos e imprevisibles, cheos de enerxía e retranca. Pero aínda hai máis: Blues do País... **con banda!** A nosa banda chámase o Sindicato da Verbena.

Tres sindicalistas que nos acompañan: **Manu Alonso** no baixo (Trioceros, Mercedes Peón), **Martiño Mato** no saxo (Tres Trebóns, Magnifique Bande dos Homes sen Medo, A Máquina de Mallar...) e **Gustavo Agassi** (Sacha na Horta, Festicultores Troupe, Brinkadelia).

Se alguén se preguntaba se un dúo coma Blues do País se quedaba curto para escenarios máis grandes, aquí está a resposta: Blues do País e o Sindicato da Verbena! **Toda a enerxía de Blues do País** multiplicada por cinco e elevada a onde a Diva nos queira levar.



Ficha artística

Elenco Iseo Agilda, Brais das Hortas, Martiño Mato
Manuel Alonso e Gustavo Agassi

Nome do espectáculo Blues do País e o Sindicato da Verbena

Modalidade artística Música ao vivo, Teatro clown

Público ao que vai dirixido Adulto e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Mãi

Iseo Agilda invocou a *Mãi* varios anos antes de que, grazas a Tomás Ageitos na música e produción, puidese atopar o camiño para sacala á luz en maio de 2022, cos cellos de Margarida Mariño, que a fan encarnar en plenitude.

Hai algo de proceso ritual nestes temas. **As percusións e os ritmos tradicionais** aferran a terra para poder chegar lonxe cunha voz sen peso. Os **chelos son o fío que a manteñen ligada**. A **electrónica** é un elemento tan natural como o parche ou a corda.

Non hai fidelidade a tradición ningunha, non hai relixión. Pero si hai religamento e o uso libre daquilo que nos fai ser quen somos para atopar un certo sentido de pertenza que todo o abarca. *Mãi* é un canto á vida, ao fío que a tece, para, por un intre, ser ela.

Mãi é unha vibración que procede do fondo da terra, nun **sentido de conexión e religación** con todo o vivo. Cantar dede ese micelio único dende o que os nosos corpos particulares toman forma. Ten este cántico algo de ritual porque o canto sempre o tivo.

Cando a nosa vibración é compartida con outras, coas paredes da cova, co canto dun lobo, co pelexo da cabra sacrificada coa que se fabricou o tambor, coas nubes e o vento... adquire un poder unificador, devólvenos nun intre esa sensación de pertenza, de unidade, de ser parte disto que si ten sentido, a vida, por moito que os nosos actos individuais non parezan telo.



Ficha artística

Nome do grupo **Mãi**

Integrantes Iseo Agilda, Margarida Mariño, Icíá Sanmartín, Miguel Carballido, Víctor Álvarez, Tomás Ageitos.

Modalidade artística **Música ao vivo**

Público ao que vai dirixido **Todos os públicos**

Idioma **Galego**

Duración do espectáculo **60 min**

Ubicación **Espazo exterior ou interior**



VIDEO



DOSSIER

Berlai

Berlai é o proxecto musical creado por Xiao Berlai. Música sen complexos que bebe da **tradición galega**, do **rock**, do **jazz**, do **indie-pop** e da **música electrónica**. As letras das cancións nacen como imaxes obsesivas do universo galego: onde as berzas son urbanas, ou o millo necesita cintas de balizamento policial.

Berlai é **música galega rururbana**, **punk elegante**, **pop transgresivo**, como consecuencia lóxica á **música post-bravu**, e así se transmite nos seus traballos: *Desconhecido*, *Cas Berlai* ou o novo *Estampas Galegas*.

No concerto de *Berlai* desfrutarás da calidade dos seus músicos nun espectáculo cargado de ironía, retranca e bo humor. Música directa e chea paixón. Mesturando **realismo** cru e obsceno co **lirismo** máis refinado cando é necesario.

Moitas das cancións son precedidas de pequenas historias, reflexións ou experiencias reais cargadas de sorna e franqueza a partes iguais.

Concertos onde a **música dialoga coa ilustración** convertendo o seu directo nunha **experiencia única**, ou concertos onde o canto á vida cotiá nos axuda a desconfinar o espírito, ou concertos onde a mestura de temas enche de forza o espectáculo musical.



Ficha artística

Nome do grupo Berlai

Integrantes Xiao Berlai, Iago Mourinho, Pablo Pérez, Bruno Couceiro

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Sacha na Horta

Sacha na horta nace no 2008, logo de gañar o concurso “A polo ghit” organizado por Radio Galega e Vieiros, no que se escolleu “Biocultivos” como **canción galega do verán**. O premio foi unha viaxe á Habana para tocar na Feira do libro, unha experiencia simpática e estrafalaria que motivou a xuntanza dunhas cantas amigas para crear un repertorio e unha banda.

A partir de aí foise definindo un estilo propio, que demos por chamar “agro - punkcharanga”, no que as **voces das mulleres** atopan toda a **forza**, a **urxencia** e a **liberdade** para se expresar e falar do mundo que elas ven e tamén do que desexan. Para Sacha na Horta é unha forma de expresión, un traballo, unha familia e unha forma de activismo social. No 2014 sacan o seu segundo traballo **HORTA REVOLUTION**. Ese é o nome do espectáculo que teñen actualmente. Sacha na Horta tocou en diferentes festivais por toda Galicia: Festival de Pardiñas, Festival Poesía no Condado, Festival Millo Verde, Antrospinos, Foliada de Melide e moitos máis.



Ficha artística

Integrantes Iseo Agilda, Brais das Hortas, María Iglesias, Alenya Espiñeira, Carmen Rico, Adrián Rei, Gilbert Eiche, Miguel Paz, María Prado

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Bouba

TERMANDO DOS MARCOS

Despois de toda a emoción de “*Vinculeiras*”, chegou a merecida calma e puidemos erguer con paciencia o que é o novo proxecto das Bouba.

A lume lento e un bocado máis maduras, reparamos en nós e no mundo e creamos algo novo, pequeno, local, desde as marxes.

Máis ca nunca resituámonos na aldea que nos pariu, a que nos dou o nome e nos mostrou que sen nós non había futuro. Non é esta cousa boa de facer nun país cada vez máis asobalhado polo capital e a desmemoria. Aquí estamos, Bouba, para seguir sendo, TERMANDO DOS MARCOS. Os marcos somos nós.

Herdeiras e transmisoras da cultura do país e da festa ben feita. Ben encaixamos en calquera tipo de festa, festival, romaría ou evento pitimíní. Aquí, ou alá, no estranxeiro ou onde nos chamen. Somos versátiles, temos gusto, temos identidade e gana de troulear.



Ficha artística

Nome do espectáculo Termando dos Marcos

Integrantes María da Pontragha, Carme da Pontragha, Maca do Piñeiro, Uxía Iglesias.

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

The Lákazans

Gañadores do Premio Martín Códax da Música 2018 na categoría de jazz, funk e blues, polo seu álbum *Sandwina*. Desde os seus inicios alá polo 2011, esta banda de R&B, soul e xéneros afíns, non pararon de tocar e crear expectación entre o público que os descobre e o que os segue, converténdose nun referente en Galicia.

Co seu último traballo inspirado na muller máis forte do mundo, amplían o seu rexistro a novos xéneros da música americana, máis aló do seu blues característico. Cun **directo irresistible**, no que van caldeando aos poucos ao público cunha actitude e presenza que fascina desde o primeiro segundo.



Ficha artística

Nome do grupo The Lákazans

Integrantes Sabela Rey, Benjamín Vázquez, Francisco Sieira, Ramón Figueira, Francisco Velo, Aitor García.

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Inglés, galego, castelán

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Andhrea & The Black Cats

Gañadores do VI Concurso de la Societat de Blues de Barcelona, esta banda Compostelana leva percorrendo Galicia e parte da península dende 2012. Do Festival de Blues de Benicassim (2016) ao Sweet Cotton Festival (2018) desfrutaron dos seus directos cargados de proximidade e unha atmosfera colmada de complicidade, harmonía e ritmo.

Hoxe en día están a presentar a súa nova formación, coa incorporación da tuba, dotando aos seus directos dun carácter que fai recordar á vella New Orleans, sen abandonar o seu particular "blues viejuno".



Ficha artística

Nome do grupo Andhrea & The Black Cats

Integrantes Andrea Verdú, Benjamín Vázquez, Aitor García, Ramón Figueira, Manuel Martínez.

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto e familiar

Idioma Inglés

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Sabela King & The Heartbreakers

Con máis de douscentos concertos por toda a xeografía galega, entre os cales destaca a súa participación no **Outono Códax Festival**, no **Fisterra Blues Experience** e no **Feito a Man**; Sabela King & The Heartbreakers gravan o seu primeiro disco homónimo. Apostan por mesturar composicións propias e versións moi persoais de cancións de Sam Cooke, Johnny Cash e Emily Loizeau.

O disco está gravado en directo. **Sabela King** canta e toca o ukelele, **Benjamín Vázquez** toca as guitarras e **Ramón Figueira "Figuí"** toca as harmónicas. A gravación corre a cargo de **Dani Blanco**. Os dez temas elixidos inclúen arranxos de percusións, segundas guitarras, voces e baixos; o que configura o novo son da banda. Un son que require dun formato máis numeroso para poder levar este tipo de atmosferas ós directos. Incorpóranse, entón, ao equipo: **Diego Novoa** ó baixo, **Pablo Vázquez** á guitarra e **Lucas Martínez** ás percusións.

Sabela King & The Heartbreakers defínense pola contención e a sutileza. A potente voz de Sabela mestúrase coas atmosferas creadas polos Heartbreakers para ofrecer un espectáculo cheo de texturas.

Xuntos trazan unha viaxe sonora e estilística na que se percibe un profundo respecto ás linguaxes das músicas populares, sen deixar de lado as súas influencias máis modernas.



Ficha artística

Nome do grupo Sabela King & The Heartbreakers

Integrantes: Sabela Rey, Benjamín Vázquez, Pablo Vázquez, Diego Fernández, Ramón Figueira, Aitor García.

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto e familia

Idioma Inglés, galego, castelán

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

The Tetas' Van

The Tetas' Van nace en 2011 coa idea inicial de crear unha banda de mulleres co obxectivo primordial de **visibilizar á muller dentro do panorama musical**, xa que non hai moitas referentes neste ámbito. É moi importante visibilizar o papel da muller en todos os contextos, sobre todo para as novas xeracións. É un dos obxectivos deste grupo: "Queremos normalizar a figura da muller no escenario".

Tamén teñen como obxectivo **reivindicar a nosa lingua**. E así, en galego, compoñen letras que falan da realidade da muller, rompendo cos estereotipos de xénero.

A SÚA MÚSICA

Aínda que somos especialistas en versións, o noso obxectivo é o de **divertir transmitindo, reivindicando e loitando** contra as inxustizas que nos tocan a todas, a través da nosa lingua. Pretendemos ser tamén a voz de todas aquelas que desexen que cantemos os seus poemas, textos ou melodías. É por isto que contamos coa **colaboración de poetisas** que nos agasallan as súas verbas encantadas.



Ficha artística

Nome do grupo The Tetas' Van

Integrantes Lucía, Omar, Irene, María, Pablo , Lorena

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto

Idioma galego

Duración do espectáculo 90 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Cachas&Cousins

Cachas&Cousins é unha banda de rocksteady, R&B e soul xamaicano formada en Santiago de Compostela no ano 2014. No seu repertorio contan con clásicos da música xamaicana dos anos 60, cos cales transmiten a súa paixón polo ska e o rocksteady, imprimindo nas actuacións o máximo respecto polas raíces do estilo e buscando un coidado sonido que se asemelle ao utilizado por grupos da época, con un mimado e enérxico directo que non deixa indiferente a ninguén, apto para tódolos públicos.

Nestos anos percorreron a xeografía galega participando en festivais tales como o Outono Codax, Deleite, Feito a Man, festival rúas vivas de Noia, ska all night en vigo ou circuito paseantes de Pontevedra.



Ficha artística

Nome do grupo Cachas&Cousins

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto e familiar

Idioma Inglés

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Xoubas

Xoubas é unha banda compostelá formada por Diego, Pablo, Nerea, e Fran Trilli.

A súa música bebe dos ritmos xamaicanos, do ska, do rocksteady, do reggae, entre outros. Con estas influencias de base, versionan e adaptan temas ao seu xeito, sempre buscando conectar co seu público para encher o espazo de enerxía e baile.



Ficha artística

Nome do grupo Cachas&Cousins

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto e familiar

Idioma Inglés

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Factoría de Subsistencia

Factoría de Subsistencia está integrada por artistas que sempre estiveron relacionados coas músicas deste país ata que, por fin, cruzaron os seus camiños para poñer en marcha este proxecto común. Os aromas de Korosi Dansas, Magritte, Xestreu, Carapaus, Emilio Rúa, e outros dos moitos proxectos nos que participaron, flúen ao longo da súa discografía, que navega descaradamente polas augas do rock alternativo.

O grupo ten publicados dous discos Cerca da túa orella (2015) e Amores fraticidas (2019). No 2023 publicaron o seu novo traballo Respirando...sempre!!.

Todas as súas creacións musicais caracterízanse por ter un ollo posto na realidade do país e o outro na creación artística do noso país veciño Portugal.

Os temas que, nun primeiro momento saen dos miolos de Josito Porto, pasan por um proceso creativo e colaborativo da banda, creando pezas de gran calidade e enxerxía que se exhiben sen pudor nos seus directos. Dentro deste universo musical creado por Factoría de Subsistencia, resulta inevitable que exista unha forte presenza teatral na procura da comunión co público.



Ficha artística

Nome do grupo Factoría de Subsistencia

Integrantes Josito Porto, Sabela Dacal, Rafa Otero, Adrián Ríos

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

The Phantom Club

Recoñecida na escena polos seus enérxicos directos, e con 20 anos de recorrido nacional, a numerosa banda de Tui – Vigo ofrece unha potente fusión de Funk, Rock e Rap.

Este ano festexan os 20 anos da súa fundación. Como carta de presentación poden disfrutar do seu disco en vivo “Muchas Noches, Buenas Gracias”, disco que contou coas colaboracións de Ariel Rot e Pablo Novoa entre outros.



Ficha artística

Nome do grupo The Phantom Club

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma: Castelán

Duración do espectáculo: 75 min

Ubicación: espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Cimarrón

Despois de anos con traxectorias musicais paralelas, Benxamín Vázquez e Juan Carlos San Martín únense para formar CIMARRRÓN.

Cunha clara admiración pola música americana e *country*, das que ambos se nutriron dende pequenos, desenvolven agora un proxecto no que reinterpretan algunhas das cancións polas que sentían unha gran devoción. Entre estas podemos atopar cancións de John Prine, John Fogerty, Johnny Cash ou Tom Waits entre outros.

Juan Carlos San Martín conta con máis de 30 anos de carreira musical. Neste percorrido, durante os anos que vive a cabalo entre Estados Unidos e México, 1983-1991, as influencias da música mexicana e *country* marcaron o que sería a súa posterior carreira artística. Desta influencia xorden os seus distintos proxectos musicais: Tiro Loco, Colt 45, ou The lazy farmers.

Benxamín Vázquez conta cunha ampla traxectoria musical na escena galega, formando parte de distintos proxectos, vinculados todos eles á música blues, funk, country, R&B e á música tradicional e popular galega. Forma parte de distintos proxectos, coma The Lákazans (premio Martix Códax da Música 2018), Andhrea & the Black Cats, Sabela King & the Heartbreakers, Marta e Benxa e Mallou (Premio Narf 2022)



Ficha artística

Nome do espectáculo Cimarrón

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Inglés, galego, castelán

Duración do espectáculo 50 min

Ubicación espazo exterior ou interior



DOSSIER



VIDEO

Marta Casais & Benjamín Vázquez

Marta Casais e Benjamín Vázquez presentan un proxecto compartido, nado cun único propósito: explorar esas cancións que os acompañan no día a día e que tanto os emocionan.

Os arranxos, bosquexados dende a improvisación e a escoita mutua, parten dun profundo **respecto polos propios compositores e as raíces das músicas populares**; todo isto sen deixar de reinterpretalas a través de novas sonoridades, explorando linguaxes coma o **blues, o flamenco, o jazz, a música popular galega ou algunhas músicas populares sudamericanas**, valéndose dunha especial coidado polo legado da tradición.

Guitarra e voz únense para artellar un repertorio composto por melodías de moi diversas orixes, **creando un estilo propio que mestura xéneros e herdanzas**, o presente co pasado, arriscándose a sondear a forza contida tanto nas harmonías coma nos silencios.



Ficha artística

Integrantes Marta Casais e Benjamín Vázquez

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego, castelán e inglés

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Lévedo

Lévedo é un intento de facer fluír a **música tradicional** de Bouba e o **rock progresivo** da Máquina de Mallar nun mesmo camiño. Sen perder a esencia e respectando cada un dos estilos logrouse a conexión áurea entre ambos grupos, conseguindo un **son totalmente vivo e orixinal**. O público non pode deixar de bailar mentres se mergulla nun mar de ondas sonoras. Do escenario ao torreiro e viceversa, unha experiencia pendente de desfrutar para calquera mortal.

QUEN SOMOS?

Sete músicxs do país de moi diversas procedencias, aportando os acordes máis psicodélicos e usando de base as **melodías da terra**. Contamos cos membros da **Máquina de mallar**, e enriquecendo coas voces e as percusións máis tradicionais ás **Bouba** pandeireteiras. Esta mestura de talentos danlle o son a LÉVEDO.



Ficha artística

Nome do grupo Lévedo

Integrantes Miguel, Martiño, Álex, Bemí, Maca, Carmen, e María

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Público adulto e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 75 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

María Mendoza

Nova

Nova é unha viaxe no tempo, un vagar entre épocas a través de nove composicións orixinais de María Mendoza.

Nova é un convite a pechar os ollos e deixarse levar por antigas sonoridades mesturadas coas novas. Un intento de pechar o círculo e de dar voz ás músicas dos que xa non están para tentar de permanecer no tempo.

Nova é unha viaxe a moitos pársecs de aquí. Un lugar inhóspito e inaccesible, sinónimo de soidade, de nostalxia, de frío, de tristeza, onde todo e nada é posible. Unha porta aberta ao infinito, a novas sonoridades.

Ficha artística

Elenco María Mendoza

Nome do espectáculo *Nova*

Modalidade artística Música ao vivo

Público ao que vai dirixido Adulto

Idioma Galego

Duración do espectáculo 45 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER



ANIMACIÓN DE RÚA



O Cego na Feira

Dentro da nosa tradición, existe un personaxe que tivo unha grande importancia na cadea de transmisión, non solo oral, se non tamén escrita, de lendas, mitos, relatos, versos e incluso prosas; ese personaxe é **o cego**. Inda que moitos dos cegos da nosa tradición vivían de vender os pregos de cordel, onde aparecían as historias que eles mesmos relataban. Estaban acompañados musicalmente por violín, zanfona ou incluso acordeón; pero ademais sempre se acompañaban do seu inseparable lazarillo.

Xuntos, **cego e criado**, vendían as coplas que cantaban: romances e cancións, impresas nunha cuartilla de fino papel por veces de cores rechamantes, quependuraban de cordeis, de aí a súa denominación de **literatura de cordel**

A COMPAÑÍA

Oli Xiráldez como Cego, e Gustavo Couto como Criado, levan dende 2017 animando feiras, mercadillos e festas cunha posta en escena de antano pero con tinguaduras de actualidade, letras modificadas e adaptadas os tempos.



Ficha artística

Elenco Oli Xiráldez e Gustavo Couto

Nome do espectáculo O Cego na Feira

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa.

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior



VIDEO



DOSSIER

Pulpiño Viascón

Dallecopé

O Dallecopé de Pulpiño Viascón é un concerto dun home orquestra, único é diferente cun **set de percusión nunca visto ata agora en Galicia**, o *Farmer Foot Drums*, un sistema de tambores e pratos que se activan tocando co pé cun ritmo frenético e o acordeón (Trikitixa) de Pulpiño Viascón. Non deixarás de mover os pés co Dallecopé!

A COMPAÑÍA

Marcos Aboal Vázquez (Pulpiño Viascón), músico multiinstrumentista e *clown* galego afincado na Coruña con máis de 25 anos de experiencia profesional en escenarios de toda Europa, tocando en bandas galegas a batería, o acordeón e voz: Os Diplomáticos de Monte Alto, O Jarbanzo Negro, Bonovo, etc, e colaborando en discos con Manu Chao, Susana Seivane, entre outros artistas. Intérprete de serrucho musical, xirou en salas de teatro por 3 anos na presentación de Os Libros Arden Mal, co escritor Manuel Rivas. Traballou no **circo Kran** de Suíza no período do ano 2000 ao 2004 e no **circo Ronkalli** de músico clown no show da frauta máxica de Mozart en Berlín

Pulpiño Viascón adapta os seus espectáculos e as temáticas ás necesidades de cada data e espazo.



Ficha artística

Elenco Pulpiño Viascón

Nome do espectáculo Dallecopé


Modalidade artística Música ao vivo, Home-Orquestra en parado

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior ou interior



VIDEO



DOSSIER

Pulpiño Viascón

A Trikidisco.

Este ano Pulpiño Viascón e o seu acordeón presentan un novo show de música itinerante para pasarrúas con ritmos de muiñeira africanos, ska, cha cha cha, e xotas, cun equipo de son portátil e máquina de pompas, ademais dunha potente voz microfonada, a alegría e o baile están asegurados con A Trikidisco.

A COMPAÑÍA

Marcos Aboal Vázquez (Pulpiño Viascón), músico multiinstrumentista e *clown* galego afincado na Coruña con máis de 25 anos de experiencia profesional en escenarios de toda Europa, tocando en bandas galegas a batería, o acordeón e voz: Os Diplomáticos de Monte Alto, O Jarbanzo Negro, Bonovo, etc, e colaborando en discos con Manu Chao, Susana Seivane, entre outros artistas. Intérprete de serrucho musical, xirou en salas de teatro por 3 anos na presentación de Os Libros Arden Mal, co escritor Manuel Rivas. Traballou no circo Kran de Suíza no período do ano 2000 ao 2004 e no circo Ronkalli de músico clown no show da fruta máxica de Mozart en Berlín.

Pulpiño Viascón adapta os seus espectáculos e as temáticas ás necesidades de cada data e espazo.



Ficha artística

Elenco Pulpiño Viascón

Nome do espectáculo A Trikidisco.

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa, Home-Orquestra

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior



VIDEO



DOSSIER

Pulpiño Viascón

O Serruchoman

Serruchoman é o novo espectáculo de rúa itinerante de Pulpiño Viascón, o único pasarúas dun serrucho musical tocado en directo. Pulpiño Viascón percorre as rúas danzando co seu serrucho máxico e tocando cancións populares de todos os tempos cun equipo de son autónomo e a súa vestimenta circense de mestre de cerimonia, un show único e divertido cun instrumento máxico que popularizou en Galiza o mestre Pulpiño Viascón.

A COMPAÑÍA

Marcos Aboal Vázquez (Pulpiño Viascón), músico multiinstrumentista e *clown* galego afincado na Coruña con máis de 25 anos de experiencia profesional en escenarios de toda Europa, tocando en bandas galegas a batería, o acordeón e voz: Os Diplomáticos de Monte Alto, O Jarbanzo Negro, Bonovo, etc, e colaborando en discos con **Manu Chao**, **Susana Seivane**, entre outros artistas. Intérprete de serrucho musical, xirou en salas de teatro por 3 anos na presentación de Os Libros Arden Mal, co escritor **Manuel Rivas**. Traballou no circo Kran de Suíza no período do ano 2000 ao 2004 e no circo Ronkalli de músico clown no show da frauta máxica de Mozart en Berlín.

Pulpiño Viascón adapta os seus espectáculos e as temáticas ás necesidades de cada data e espazo.



Ficha artística

Elenco Pulpiño Viascón

Nome do espectáculo O Serruchoman

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa, Home-Orquestra

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior



VIDEO



DOSSIER

Pulpiño Viascón

O trobador da Zanfona

Pulpiño Viascón canta e toca a zanfona galega misturando ritmos modernos e melodías antergas, amplificada polo seu equipo de son, percorre as rúas e prazas de Galicia nun pasarúas no que deixará a xente abraíada ca súa máquina de pompas e con iste inxenioso espectáculo itinerante.

A COMPAÑÍA

Marcos Aboal Vázquez (Pulpiño Viascón), músico multiinstrumentista e *clown* galego afincado na Coruña con máis de 25 anos de experiencia profesional en escenarios de toda Europa, tocando en bandas galegas a batería, o acordeón e voz: Os Diplomáticos de Monte Alto, O Jarbanzo Negro, Bonovo, etc, e colaborando en discos con **Manu Chao**, **Susana Seivane**, entre outros artistas. Intérprete de serrucho musical, xirou en salas de teatro por 3 anos na presentación de Os Libros Arden Mal, co escritor **Manuel Rivas**. Traballou no **circo Kran** de Suíza no período do ano 2000 ao 2004 e no **circo Ronkalli** de músico clown no show da fruta máxica de Mozart en Berlín. Pulpiño Viascón adapta os seus espectáculos e as temáticas ás necesidades de cada data e espazo.



Ficha artística

Elenco Pulpiño Viascón

Nome do espectáculo O trobador da Zanfona

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa, Home-Orquestra

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo exterior



VIDEO



DOSSIER



Títeres Alakrán

O Xigante Barriga Verde

Títeres Alakrán presentou no Festival Internacional de Títeres Tradiciones TITIRIBERIA 2023 o seu espectáculo itinerante, *O Xigante Barriga Verde*.

Barriga Verde é a figura do títere tradicional da Galiza, o da barraca e a cachaporra, que ainda pervive nas lembranzas das nosas persoas maiores. Títeres Alakrán dá un paso máis na recuperación da súa figura, coa creación deste xigante que conta cun **teatriño de monicreques integrado**.

Barriga Verde percorre lugares e pobos, achegando lembranzas e diversión alá por onde vai.

A COMPAÑÍA

Títeres Alakrán nace no ano 2003 como proxecto persoal de Borxa Insua, logo de iniciarse como actor-titiriteiro con diferentes compañías profesionais galegas. A **formación artística como escultor** inflúe directamente nas propostas plásticas da compañía, xa que emprega case sempre a madeira na confección dos monicreques. Dende o 2003 leva producidos 10 espectáculos nos que emprega diversas técnicas que levan á compañía a asentarse solidamente no panorama galego, así como a participar regularmente en **Festivais internacionais de títeres en territorio español e latinoamericano**.

Ficha artística

Elenco Títeres Alakrán

Nome do espectáculo O xigante barriga verde

Modalidade artística Pasarrúas

Público ao que vai dirixido Familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 90 min

Ubicación Espazo exterior



Trópico de Grellos

BLOCO AFRO

O Bloco Afro é un dos espectáculos de rúa máis soados de Trópico de Grellos. Caracterízase por ritmos moi festivos e contundentes de Salvador de Bahía, adornados ademais con diversas coreografías. A frescura destes ritmos xunto coa actitude e destreza dos/das percusionistas e a potente presenza da raíz africana, fan deste desfile musical unha auténtica festa que non deixará a ninguén indiferente. O Bloco Afro esperta no público as ganas de bailar, de esquecer os problemas e pasar un bo rato, é así que moitas veces o espectador perde o seu rol, converténdose nun máis do grupo bailando ao seu carón.



Ficha artística

Nome do espectáculo Bloco Afro

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 1 hora 30 min

Ubicación Espazo exterior



VIDEO



DOSSIER

Trópico de Grellos

BLOCO AFRO + AXÉ DANZA

O Bloco Afro é un dos espectáculos de rúa máis soados de Trópico de Grellos. Caracterízase por ritmos moi festivos e contundentes de Salvador de Bahía, adornados ademais con diversas coreografías. Axé Danza é o corpo de danza do Bloco formado por varias bailarinas. A fusión do Bloco Afro coa potente presenza das bailarinas consegue crear un ambiente máis festivo e sorprendente. Cada ritmo ten un carácter, unha intención, unha actitude que será representada con diversas coreografías, acrobacias e performance. A frescura destes ritmos xunto coa actitude e destreza dos/das percusionistas e bailarinas e a **forte presenza da raíz africana**, fan deste desfile musical unha **auténtica festa** que non deixará a ninguén indiferente. O público verase inmerso nun gran espectáculo de percusión e danza totalmente fusionado onde enseguida o corpo vai querer moverse e formar parte do corpo de baile, que sen dúbida integrará a quen se anime!



Ficha artística

Nome do espectáculo Bloco Afro + Axé Danza

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 1 hora – 1h 30 min

Ubicación Espazo exterior



VIDEO



DOSSIER

Latexo Percusión

En Latexo estamos decididas a achegar a percusión, a música e a ledicia a tódalas persoas. A través dun **espectáculo de batucada** baseado nos ritmos dos **blocos afro brasileiros**, a percusión de Latexo transportaranos a diferentes lugares do mundo nos que o ritmo e o movemento son parte fundamental do cotián.

O novo espectáculo de **animación de rúa** de Latexo foi deseñado con moito mimo. Puxemos especial énfase no coidado do noso son e dos nosos arranxos musicais, de creación propia, así como das coreografías e posta en escena, xerando un espectáculo dinámico, versátil e de calidade.

A batucada é o punto de encontro das artistas que formamos o grupo. A través dos tambores típicos de este estilo, poderemos escoitar ritmos de moitos outros universos musicais, como o reggae, o funk, a salsa ou a música malinké.



Ficha artística

Nome do espectáculo Latexo

Modalidade artística Música ao vivo, Animación de rúa

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 1 hora – 1h 30 min

Ubicación Espazo exterior



VIDEO



DOSSIER

DANZA





Ficha artística

Elenco Iria Calvar, Iria Portos, Ainhoa Souto Diego Landín

Erick Pegueros, Gustavo Couto

Nome do espectáculo *O que non se ve*

Modalidade artística Danza Tradicional e contemporánea

Público ao que vai dirixido Todos os públicos

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min.

Ubicación espazo interior ou exterior

Et Suseia Danza!!

O que non se ve

O que non se ve representa a través da danza a forza e a loita da muller na sociedade actual. Pon no punto de mira, diferentes micro machismos que conviven no noso día a día. Unha mestura de **danza tradicional e contemporánea**, que pretende mostrar o que existe debaixo das vestimentas tradicionais e no interior das mulleres do noso país. Con esta obra, imos un paso máis alá (Et Suseia), para conxugar estilos moi diferentes, pero á vez moito en común. Aportamos tamén unha nova sonoridade nas melodías que acompañan o espectáculo, e mergullándonos na **percusión tradicional** pero enfocándoa cara un aspecto máis actual. Tamén mudamos as letras das melodías, facendo **letras propias**, nas que amosamos o **poder da muller** na tradición oral.

Coreografías creadas dende contemporaneidade da danza, e mesturadas co son da música de tradición oral, onde se identifica a enerxía das mulleres do rural galego.

Mencións e galardóns:

- Espectáculo de danza mellor valorado polo público na programación de Compostela Cultura (2023)
- 1º Premio acadado no **Certame Coreográfico** organizado pola ASPG. (2021)
- 3º Premio da categoría Fusión, dentro do concurso **Vigo Porté**. (2021)
- Finalistas do concurso **Interritmos- Son do Rural**, organizado pola Asociación DELOA (2021)



VIDEO



DOSSIER



Falamos?

✉ ola@charlatana.org

☎ +34 637 756 129

🌐 charlatana.org